



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º: 0115888. C.I.F.: P1508900F. Teléf.: 981889000 – Fax: 981889100  
Rúa Arcai, 41 – Bembibre. 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

### ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO

#### **SUMARIO**

*Acordo do Pleno de data 18/07/2024 do Concello de Val do Dubra polo que se aproba inicialmente a Ordenanza municipal do servizo de préstamo de axudas técnicas de apoio á mobilidade .*

#### **TEXTO**

Aprobada inicialmente a Ordenanza municipal do servizo de préstamo de axudas técnicas de apoio á mobilidade, por acordo do Pleno de data 18/07/2024 de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 56 do texto refundido de réxime local, sométese a información pública polo prazo de 30 días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello <https://sede.valdodubra.gal/opencms/es/> .

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación da mencionada ordenanza.

Val do Dubra, 24 de xullo de 2024

O alcalde,

Diego Luís Díaz Méndez